

BORRADOR DO ANTEPROXECTO DE LEI DE REGULACIÓN DO APROVEITAMENTO LÚDICO DAS AUGAS TERMAIS DE GALICIA

ÍNDICE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

TÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. *Obxecto*

Artigo 2. *Finalidades*

Artigo 3. *Definicións*

TÍTULO II. RÉXIME XURÍDICO DO APROVEITAMENTO LÚDICO DAS AUGAS TERMAIS

CAPÍTULO I. DECLARACIÓN DE AUGAS TERMAIS

Artigo 4. *Declaración de augas termais como condición*

Artigo 5. *Procedemento de declaración de augas termais aptas para uso lúdico*

CAPÍTULO II. OUTORGAMENTO DO DEREITO AO APROVEITAMENTO

Sección 1ª. Condicións xerais para o aproveitamento lúdico

Artigo 6. *Titularidade do dereito ao aproveitamento lúdico das augas termais*

Artigo 7. *Aproveitamentos lúdicos en perímetros de protección de balnearios*

Sección 2ª. Procedemento para o outorgamento

Artigo 8. *Solicitudade da autorización ou concesión*

Artigo 9. *Informes e tramitación integrada*

Artigo 10. *Resolución do procedemento*

Artigo 11. *Garantía financeira*

Artigo 12. *Seguro de responsabilidade civil*

Artigo 13. *Plan de inicio do aproveitamento e plan cuadrienal*

Sección 3ª. Eficacia e vixencia do título administrativo

Artigo 14. *Efectos da autorización ou concesión*

Artigo 15. *Prazo de vixencia e prórroga da autorización ou concesión*

Artigo 16.- *Modificación do aproveitamento*

Artigo 17.- *Medidas relativas ao peche definitivo e abandono do aproveitamento*

CAPÍTULO III. DEREITOS E OBRIGAS DOS TITULARES DO APROVEITAMENTO

Artigo 18. *Dereitos e obrigas xerais*

Artigo 19. *Condicións hixiénico-sanitarias das augas termais de aproveitamento lúdico*

Artigo 20. *Condicións de accesibilidade e seguridade das instalacións*

TÍTULO III. PRELACIÓN E COMPATIBILIDADE ENTRE USOS TERAPÉUTICOS E LÚDICOS DAS AUGAS TERMAIS

Artigo 21. *Criterios de prelación de aproveitamentos*

Artigo 22. *Compatibilidade de aproveitamentos terapéuticos e lúdicos*

TÍTULO IV. RÉXIME DE INSPECCIÓN E SANCIÓN

CAPÍTULO I. POTESTADE DE INSPECCIÓN

Artigo 23. *Órganos con competencia inspectora*

CAPÍTULO II. POTESTADE SANCIONADORA

Artigo 24. *Competencia sancionadora do órgano mineiro*

Artigo 25. *Concepto e clasificación das infraccións*

Artigo 26. *Infraccións moi graves*

Artigo 27. *Infraccións graves*

Artigo 28. *Infraccións leves*

Artigo 29. *Sancións*

Artigo 30. *Suspensión temporal ou caducidade*

Artigo 31. *Reparación de danos*

Artigo 32. *Competencia para a imposición de sancións*

Artigo 33. *Remisión normativa*

Artigo 34. *Competencia sancionadora do órgano sanitario*

Artigo 35. *Competencia sancionadora doutros órganos sectoriais*

Disposición adicional única. *Actualización da contía das sancións*

Disposición transitoria única. *Regularización dos aproveitamentos lúdicos preexistentes de augas termais*

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia*

Disposición derradeira segunda. *Dereito supletorio*

Disposición derradeira terceira. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario*

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor*

ANEXO. Documentación *técnica exixida para a solicitude do aproveitamento lúdico das augas termais*

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galicia é unha das rexións de Europa con maior riqueza en augas minerais e termais. Na actualidade é a comunidade autónoma líder en España en canto á oferta termal. Os seus 21 balnearios, con máis de 3.000 prazas hostaleiras, representan en torno ao 20% dos establecementos nacionais e reciben anualmente preto de 150.000 usuarios. Boa parte dos 300 mananciais de augas mineiro-medicinais existentes en Galicia son augas termais, segundo a lexislación, ao contar estas augas cunha temperatura superior en máis de 4 graos centígrados á media anual do lugar no que emerxen. Delas, só unha pequena parte se poden considerar augas hipertermais, segundo os criterios de aplicación terapéutica, que exixen unha temperatura superior aos 37 graos centígrados.

As augas termais, ademais de ser utilizadas polos balnearios con fins terapéuticos, poden ser aproveitadas para outras finalidades e desde finais do século XX creceu en todo o mundo a demanda do uso non terapéutico das augas mineiro-medicinais e termais. Estas novas demandas no uso lúdico das augas termais, unha “nova cultura” no aproveitamento dos recursos termais, experimentaron un extraordinario desenvolvemento nalgunhas zonas de España e, especialmente, en Galicia. Por este motivo, debido á súa elevada demanda, proliferaron novos proxectos turísticos ao redor das augas termais con obxectivos non terapéuticos nin preventivos, senón cunha finalidade lúdica, de diversión e esparexemento. De feito, na actualidade, este sector de actividade presenta outras potencialidades asociadas ao benestar e lecer das persoas, asumindo polo tanto un papel fundamental na industria do turismo.

Acontece, polo tanto, que na actualidade na Comunidade Autónoma de Galicia existen estes novos tipos de establecementos relacionados co aproveitamento e uso lúdico de augas termais que, aínda que se consolidan como focos de atracción turística, carecen das condicións establecidas legalmente para ser considerados balnearios e non dispoñen de regulamentación específica e actualizada.

Doutra banda, conséntase que a maior parte dos recursos hidrominerais e termais susceptibles de seren aproveitados para a actividade termal e o termalismo localízanse en rexións do interior da comunidade autónoma, para as que esta nova demanda é de innegable interese por constituír unha vía de desenvolvemento local ou rexional mediante a xeración de investimento e emprego.

Ademais, atopámonos cun número considerable e crecente de usuarios desas instalacións que depositan a súa confianza na existencia dunha garantía sanitaria e na legalidade destes establecementos, que non perseguen fins terapéuticos. Para poder garantir as ditas condicións, faise necesario dispoñer dun instrumento legislativo que permita regular e ordenar o sector, por outra banda tan diversificado e singular.

Nun contexto como o apuntado, resulta pertinente lembrar a fundamental tarefa que os artigos 40.1 e 130.1 da Constitución española encomendan aos poderes públicos, ao obxecto de promover as condicións favorables para o progreso social e económico e para

unha distribución da renda rexional e persoal máis equitativa, no marco dunha política de estabilidade económica, e para a modernización e desenvolvemento de todos os sectores económicos; todo iso, co fin de equilibrar e harmonizar o desenvolvemento rexional e sectorial e de estimular o crecemento da renda e a súa máis xusta distribución. Tales preceptos que, xunto con outros, constitúen xenuína expresión e proxección da cláusula constitucional do Estado social, atopan a súa correspondencia no mandato estatutario contido no artigo 55.3 do Estatuto de autonomía de Galicia.

Respondendo a estes obxectivos, sobre a base das competencias exclusivas que, en materia de augas minerais e termais, se recoñecen a Galicia no artigo 27.14 do Estatuto de autonomía e para os efectos de complementar a regulación contida na Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación de augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia, apróbase esta Lei de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia.

A presente lei consta de trinta e cinco artigos, distribuídos en catro títulos, unha disposición adicional única, unha disposición transitoria única, catro disposicións derradeiras e un anexo.

O Título I, relativo ás disposicións de carácter xeral, define o obxecto fundamental da lei e as finalidades que persegue e determina os conceptos técnicos precisos para facilitar a súa aplicación. Neste sentido, debe partirse do establecemento previo dunha clara e fundamental distinción; a que procede realizar entre os “espazos termais”, considerados como aquelas instalacións destinadas á utilización das augas termais con fins lúdicos, recreativos ou de lecer, e os “establecementos balnearios”, obxecto de regulación específica na referida Lei 5/1995, do 7 de xuño, e caracterizados pola aplicación, con fins terapéuticos, das augas mineiro-medicinais e termais.

No concepto xenérico de “espazos termais” aínda convén singularizar aquelas instalacións que, agrupadas baixo o termo legal de “piscina termal de uso lúdico”, están formadas por un vaso ou conxunto de vasos cuxa auga de alimentación foi declarada termal pola autoridade competente. Tal é a definición técnica de piscina que, nos seus elementos esenciais, se contén na normativa estatal, á que esta lei se remite, definición a anterior que, coas necesarias modulacións, resulta de plena aplicación ao aproveitamento lúdico das augas termais obxecto da presente lei.

Ao longo do Título II establécese o réxime xurídico do novo aproveitamento lúdico das augas termais, comezando pola regulación procedimental necesaria para o outorgamento do dito aproveitamento. Nesta tramitación distínguense dous procedementos intimamente vinculados, sendo o primeiro, o de declaración de augas termais, presuposto do segundo, o de estrito outorgamento do dereito ao aproveitamento. A este respecto cómpre remarcar que, pese a ser a soa declaración de augas termais aptas para uso lúdico a declaración expresamente habilitante para o aproveitamento lúdico, este permitírase condicionadamente tamén respecto de augas termais que á súa vez teñan sido declaradas aptas para o uso terapéutico. A consuetudinaria exclusividade na explotación terapéutica das augas termais, unida á idea de suficiencia do recurso, xustifican

suficientemente este réxime.

En canto ao primeiro procedemento de declaración, a norma efectúa unha remisión xeral ao establecido na Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia. O segundo procedemento está dirixido a ordenar os trámites precisos para outorgar, mediante o preceptivo título autorizador ou concesional, o correspondente aproveitamento lúdico das augas termais. A este respecto, son os propietarios dos terreos onde emerxan as augas, ou os terceiros cesionarios, os suxeitos lexitimados para solicitar o preceptivo título de aproveitamento. Este particular réxime de titularidade do dereito ao aproveitamento lúdico, diferenciado do previsto para o aproveitamento terapéutico en balnearios, considérase acorde á utilidade pública que se presume a este novo tipo de uso lúdico. Outra singularidade que convén destacar é o establecemento de previsións para tratar de compatibilizar os novos aproveitamentos lúdicos cos establecementos balnearios e os seus perímetros de protección.

Unha vez outorgado o dereito ao aproveitamento, o titular da autorización ou concesión someterase ao réxime de dereitos e obrigas legalmente previsto, debendo destacarse, en particular, a necesidade de que pola súa banda se asegure a satisfacción das condicións hixiénico-sanitarias aplicables aos espazos termais e ás piscinas termais de uso lúdico. En tal sentido, mentres que a normativa existente en materia de piscinas constituirá o marco de referencia destas últimas instalacións, o resto dos espazos termais axustarase ás singularidades que determine a consellería competente en materia sanitaria, de acordo coa habilitación normativa prevista na lei. A este respecto, mentres tal desenvolvemento regulamentario non teña lugar, as condicións hixiénico-sanitarias aplicables aos espazos termais distintos das piscinas termais de uso lúdico serán as que o órgano sanitario inclúa no seu informe preceptivo e vinculante.

No Título III establécense criterios para harmonizar o novo uso lúdico das augas termais co seu tradicional uso terapéutico. Así, ante a posibilidade de que unhas mesmas augas termais sexan susceptibles de ambos usos, prevense criterios de prelación para os efectos de opción entre un e outro, así como a posibilidade mesma de compatibilizar ambos tipos de aproveitamento. A función de ordenación que corresponde á Administración, unida á xa aludida exclusividade consuetudinaria na explotación terapéutica destas augas, e á idea de suficiencia do recurso, xustifican que a regra xeral para a opción sobre o uso sexa a prioridade na solicitude. Non obstante, en caso de conflito real entre usos de diferente natureza, farase prevalecer, tamén como regra xeral, o aproveitamento terapéutico, sobre a base de entender que, salvo motivación en contrario, este reviste maior utilidade pública. Por outra parte, a posibilidade de compatibilizar o aproveitamento terapéutico e o lúdico a partir dunha única emerxencia recoñécese cando se cumpran os requisitos sinalados na norma.

No último Título IV establécese, coas necesarias remisións normativas, o réxime de inspección e sanción; en particular, tipifícanse aquelas infraccións e sancións cuxa competencia corresponde coñecer ao órgano mineiro que conte coas atribucións precisas. Doutra banda, na Lei 5/1995, do 7 de xuño, norma de cabeceira en materia de augas

minerais e termais de Galicia, atoparanse as cuestións relativas ao exercicio da potestade sancionadora non previstas expresamente na presente lei, sen prexuízo, claro está, da aplicación da lexislación estatal en materia de procedemento administrativo común das administracións públicas e de réxime xurídico do sector público.

Finalmente, a lei establece, na disposición adicional única, unha cláusula que posibilita a actualización periódica das contías das sancións; na disposición transitoria única, un procedemento simplificado para a regularización dos aproveitamentos lúdicos preexistentes; na disposición derradeira primeira, a modificación normativa da Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manantial e dos establecementos balnearios da comunidade autónoma de Galicia, en canto a contías das sancións; e nas disposicións derradeiras segunda, terceira e cuarta, pautas relativas ao dereito supletorio, habilitación normativa e entrada en vigor.

Por último, incorpórase como Anexo a relación detallada da documentación técnica que debe acompañar a toda solicitude de aproveitamentos lúdicos.

O anteproxecto da presente lei someteuse ao preceptivo ditame do Consello Económico e Social de Galicia, emitido en data

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de autonomía de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 23 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, promulgo en nome do Rei, a Lei de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia.

TÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto*

A presente lei ten por obxecto a regulación do aproveitamento lúdico das augas termais cuxo lugar de nacemento ou abrollamento estea situado dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, así como o establecemento do particular réxime xurídico desta nova forma de aproveitamento.

Artigo 2. *Finalidades*

As finalidades da lei son:

- a) Velar pola salubridade e hixiene dos aproveitamentos lúdicos das augas termais.
- b) Garantir a sustentabilidade ambiental das augas termais para os efectos de evitar a súa degradación, en canto á súa calidade, e a súa redución, en canto á súa cantidade, a consecuencia dun uso inconveniente ou irracional do devandito recurso.
- c) Protexer a integridade das augas termais como recurso natural, patrimonial, cultural, industrial, turístico e lúdico.
- d) Promover o desenvolvemento económico e social das poboacións onde xorden as augas termais.

Artigo 3. *Definicións*

1. Para os efectos do disposto nesta lei enténdese por:

- a) Augas termais: As que, sendo definidas como tales ao amparo da Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación de augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia, resulten aptas para os aproveitamentos lúdicos regulados na presente lei.
- b) Aproveitamento lúdico das augas termais: Utilización das ditas augas con fins fundamentalmente recreativos ou de lecer en espazos termais e piscinas termais de uso lúdico.
- c) Espazos termais: Instalacións destinadas mediante o baño ao uso recreativo ou de lecer das augas termais.

d) Piscina termal de uso lúdico: Especie de espazo termal que, de conformidade co previsto no Real Decreto 742/2013, do 27 de setembro, polo que se establecen os criterios técnico-sanitarios das piscinas, reúne as características e requisitos técnicos para a súa consideración como piscina.

2. As anteriores definicións entenderanse sen prexuízo das previstas na Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación de augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia, así como no referido Real Decreto 742/2013, do 27 de setembro, polo que se establecen os criterios técnico-sanitarios das piscinas.

TÍTULO II

Réxime xurídico do aproveitamento lúdico das augas termais

CAPÍTULO I

Declaración de augas termais

Artigo 4. Declaración de augas termais como condición

1. Para o aproveitamento lúdico das augas termais será condición previa que as augas dispoñan da declaración de augas termais.
2. A soa declaración de augas termais aptas para o uso lúdico habilita especificamente para o aproveitamento lúdico.
3. O aproveitamento lúdico será tamén posible respecto de augas que dispoñan da declaración de augas termais aptas para fins terapéuticos consonte a Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia e respecto de augas que dispoñan da dobre declaración de termais e mineiro-medicinais; en ambos casos condicionado ao establecido nos artigos 21 e 22 desta lei.

Artigo 5. Procedemento de declaración de augas termais aptas para uso lúdico

1. A declaración de augas termais aptas para uso lúdico realizarase pola consellería competente en materia de minas, de oficio ou a instancia dos interesados, de acordo co disposto na Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Para o aproveitamento lúdico non será preciso que no curso deste procedemento se pida informe á consellería competente en materia de sanidade.

CAPÍTULO II

Outorgamento do dereito ao aproveitamento

Sección 1ª. Condicións xerais para o aproveitamento lúdico

Artigo 6. Titularidade do dereito ao aproveitamento lúdico das augas termais

1. O dereito ao aproveitamento lúdico das augas termais corresponde aos propietarios dos terreos onde se atopen as augas.
2. O titular do dereito poderá exercitalo directamente ou cederllo a terceiros, os cales deberán acreditar a dispoñibilidade dos terreos mediante título xurídico suficiente. A estes efectos as administracións públicas rexeranse pola súa específica normativa de patrimonio.

Artigo 7. Aproveitamentos lúdicos en perímetros de protección de balnearios

1. Dentro dos perímetros de protección de balnearios están permitidos novos aproveitamentos lúdicos, en todo caso cando afecten a acuíferos distintos do correspondente ao balneario.

2. Cando afecten ao mesmo acuífero, haberá que distinguir os seguintes supostos:

a) No suposto de emerxencias naturais está automaticamente permitido o aproveitamento lúdico en calquera dos perímetros.

Neste suposto calquera persoa ten dereito ao dito aproveitamento lúdico en calquera dos perímetros.

b) No suposto de emerxencias artificiais está permitido o aproveitamento lúdico en calquera dos perímetros só cando resulte probada a compatibilidade co aproveitamento balneario. Para xustificar este extremo deberase achegar un estudo xeolóxico-hidrolóxico que o avale, sen prexuízo da presentación de calquera outra documentación que a Administración considere necesaria.

Neste suposto corresponde ao titular do balneario o dereito exclusivo ao dito aproveitamento lúdico dentro dos perímetros de protección de restricións máximas e medias. Dentro do perímetro de restricións mínimas calquera persoa ten dereito ao dito aproveitamento.

Sección 2ª. Procedemento para o outorgamento

Artigo 8. Solicitude da autorización ou concesión

1. Para exercer o dereito ao aproveitamento lúdico das augas termais deberase solicitar a oportuna autorización ou concesión administrativa, segundo corresponda nos termos previstos na Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. A dita solicitude dirixirase á consellería competente en materia de minas e incluírá a seguinte documentación:

a) Un modelo normalizado de solicitude.

b) O título que acredite a disposición sobre os terreos afectados.

c) Un proxecto xeral de aproveitamento suscrito por técnico competente comprensivo das especificacións previstas no Anexo desta lei.

d) Un estudo xustificativo da necesidade do perímetro de protección, que non poderá exceder dun radio de 300 metros, e que deberá conter as especificacións previstas no Anexo desta lei.

e) A que xustifique as solvencias económica e técnica do solicitante, as cales se acreditarán de conformidade co previsto na Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia.

f) Un certificado municipal relativo á situación urbanística dos terreos afectados.

g) Un estudo ambiental co contido establecido na lexislación vixente, para a súa remisión ao órgano ambiental autonómico.

h) Un plan de peche e abandono.

i) Calquera outra documentación establecida regulamentariamente.

3. Unha vez presentada a solicitude, o procedemento impulsarase de oficio en todos os seus trámites.

4. Tras completarse a documentación, a solicitude someterase ao trámite de información pública durante un prazo de quince días, mediante a publicación do correspondente anuncio no Diario Oficial de Galicia.

Artigo 9. *Informes e tramitación integrada*

1. No devandito procedemento o órgano mineiro competente solicitará informes a outros órganos, os cales se pronunciarán sobre a adecuación do aproveitamento aos respectivos ámbitos competenciais, así como respecto de posibles condicionados.

2. Solicitaranse os seguintes informes, con carácter preceptivo e vinculante:

a) Informe da consellería competente en materia de sanidade.

En particular o informe versará sobre os criterios básicos técnico-sanitarios da calidade das augas; sobre as condicións técnico-sanitarias do proxecto de establecemento, nomeadamente sobre as características construtivas do vaso e do resto das instalacións; e sobre as condicións de salubridade que as instalacións deberán cumprir en todo momento durante a vixencia do título administrativo.

b) Informe da consellería competente en materia de medio ambiente.

c) Informe da consellería competente en materia de patrimonio cultural.

d) Informe da Administración hidráulica competente.

e) Informe da consellería competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo.

f) Informe do municipio no que se proxecte o aproveitamento pretendido.

En particular, o informe versará sobre a adecuación do aproveitamento á normativa urbanística.

3. Solicitaranse os seguintes informes, con carácter preceptivo e non vinculante:

a) Informe da consellería competente en materia de medio rural.

b) Informe da consellería competente en materia turística.

4. A emisión dos informes sectoriais autonómicos equivalerá, para todos os efectos, ás autorizacións exixidas pola correspondente lexislación sectorial.

Artigo 10. *Resolución do procedemento*

1. O procedemento finalizará mediante resolución do conselleiro/a competente en materia de minas.

2. A dita resolución outorgará, en caso de ser procedente, a autorización ou concesión do aproveitamento lúdico das augas termais correspondentes e terá o seguinte contido mínimo:

- a) A denominación como “Espazo termal de / Piscina termal de uso lúdico de ”..
- b) O prazo de vixencia da autorización ou concesión e as condicións para a solicitude da súa prórroga.
- c) O prazo de inicio do aproveitamento.
- d) A delimitación do perímetro de protección.
- e) A constitución das garantías financeiras precisas e a formalización do preceptivo seguro de responsabilidade civil.
- f) As medidas que deberán ser adoptadas para a protección do aproveitamento.
- g) No seu caso, as actuacións que o titular da autorización ou concesión deberá realizar para os efectos de compatibilizar as súas instalacións cos establecementos balnearios.
- h) As medidas relativas ao peche definitivo e abandono do aproveitamento.
- i) A remisión aos condicionantes sanitarios, ambientais ou doutro tipo determinados nos informes sectoriais emitidos.
- j) As condicións que o órgano mineiro competente impoña para o exercicio do dereito ao aproveitamento obxecto de concesión ou autorización.

3. A resolución do procedemento deberá ditarse no prazo máximo de doce meses e será obxecto de notificación aos interesados e de publicación no Diario Oficial de Galicia.

4. Así mesmo practicarase de oficio a inscrición do aproveitamento no específico Rexistro de aproveitamentos lúdicos, así coma no Rexistro de augas minerais, termais e de manantial da consellería competente en materia de minas.

Artigo 11. *Garantía financeira*

No prazo dun mes contado desde a notificación da resolución, o titular da autorización ou concesión deberá constituír unha garantía suficiente, consistente no 4% do orzamento do investimento. O réxime aplicable á devandita garantía financeira será o previsto na Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia.

Artigo 12. *Seguro de responsabilidade civil*

Igualmente, no indicado prazo dun mes contado desde a notificación da resolución, o titular da autorización ou concesión deberá formalizar un seguro de responsabilidade civil, para os efectos de facer fronte aos danos que se puidesen causar ás persoas, aos animais, aos bens ou ao medio ambiente. Aplicarase ao devandito seguro o previsto na Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia.

Artigo 13. *Prazo de inicio do aproveitamento e plan cuadrienal*

1. O titular da da autorización ou concesión estará obrigado a iniciar o aproveitamento no prazo dun ano contado desde a data de autorización das instalacións.
2. O devandito titular presentará ao órgano mineiro, dentro do mes de xaneiro e con carácter cuadrienal, un plan de aproveitamento. A este respecto, o primeiro plan deberá presentarse dentro do mes de xaneiro do cuarto ano posterior ao do outorgamento da concesión ou autorización de aproveitamento.

Sección 3ª. Eficacia e vixencia do título administrativo

Artigo 14. *Efectos da autorización ou concesión*

O outorgamento da autorización ou concesión de aproveitamento lúdico das augas termais levará implícita a declaración de utilidade pública para os efectos da compatibilidade e/ou prevalencia con outras utilidades públicas.

Artigo 15. *Prazo de vixencia e prórroga da autorización ou concesión*

1. As autorizacións outorgaranse polo período previsto no proxecto de explotación correspondente, cun límite máximo de revisión das condicións do seu outorgamento cada dez anos.
2. As concesións outorgaranse por un período de 30 anos, prorrogables ata un máximo de 75 anos.

Artigo 16. *Modificación do aproveitamento*

1. No caso de que o titular da autorización ou concesión administrativa de aproveitamento quixese modificar a explotación mediante a disposición, entre outros, dun maior caudal, de novas instalacións ou dun novo réxime de explotación, deberá presentar a oportuna solicitude ante a consellería competente en materia de minas. Con esta solicitude

achegará un novo proxecto de aproveitamento, subscrito por técnico competente, no que se especificarán as modificacións propostas, así como un novo estudo de viabilidade económica.

2. No caso de que as características técnicas da modificación pretendida supoñan unha alteración substancial do aproveitamento inicialmente concedido, o interesado deberá presentar, nos termos establecidos no artigo 7 desta lei, a documentación acreditativa do cumprimento da normativa ambiental e urbanística, á que se engadirá, se fose necesario, a que xustifique a ampliación da garantía constituída ou do seguro de responsabilidade civil inicialmente formalizado.

Artigo 17. Medidas relativas ao peche definitivo e abandono do aproveitamento

1. O titular da autorización ou concesión, ao abandonar o aproveitamento, estará obrigado a deixar os terreos nas debidas condicións de seguridade para as persoas e bens. A este respecto, comunicará o seu propósito ao órgano mineiro competente, o cal, tras as comprobacións oportunas, autorizará o abandono ou impoñerá as condicións previas que considere necesarias. Unha vez verificado o cumprimento de tales condicións, o devandito órgano autorizará o abandono definitivo do aproveitamento.

2. Nos indicados supostos de peche e abandono, estarase ao disposto na Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas, e a súa normativa de desenvolvemento, en relación co réxime aplicable ás instalacións e maquinaria propiedade do titular da concesión.

CAPÍTULO IV

Dereitos e obrigas dos titulares do aproveitamento

Artigo 18. Dereitos e obrigas xerais

1. A autorización ou concesión de aproveitamento para uso lúdico das augas termais outorga ao seu titular os seguintes dereitos:

a) Dereito á utilización exclusiva das augas na forma, condicións e durante o tempo que fose fixado na correspondente resolución administrativa.

b) Dereito á protección do acuífero na cantidade e calidade precisas para o normal aproveitamento, nos termos en que se concedera.

c) Dereito a utilizar os medios legais necesarios para impedir a realización, dentro do perímetro de protección fixado, de traballos ou actividades que puidesen prexudicar o acuífero ou o seu normal aproveitamento.

c) Dereito a que se lle conceda o correspondente trámite de audiencia nos expedientes mineiros de autorización de traballos subterráneos ou movementos de terras no interior do perímetro que puidesen prexudicar o acuífero ou o seu normal aproveitamento.

d) Dereito exclusivo ao aproveitamento das augas termais que se atopen no perímetro de protección autorizado e que pertencen ao mesmo acuífero, tras a incoación dos oportunos expedientes de declaración e aproveitamento.

2. A autorización ou concesión de aproveitamento para uso lúdico das referidas augas impón ao seu titular as seguintes obrigas e prohibicións:

a) Obriga, respecto das augas termais, de consignar os seus datos máis significativos, e particularmente os relativos á temperatura de emerxencia e á declaración termal das ditas augas; no seu caso, tamén de consignar os relativos á eventual declaración mineiro-medicinal que adicionalmente puideran ter as augas, sen que tal información obxectiva presupón vinculación respecto do uso terapéutico que puideran atribuírlles os usuarios.

b) Obriga de informar das eventuais contraindicacións que o uso lúdico desas augas puidera supoñer para a saúde das persoas.

c) Obriga, respecto dos usos, de limitarse á oferta e prestación dos servizos propios do aproveitamento lúdico, posibilitándose a existencia de instalacións complementarias para eses usos como as destinadas a saunas, baños de vapor ou tratamentos estéticos.

d) Prohibición, respecto dos usos, de que nas instalacións lúdicas se oferten, presten ou garantan servizos terapéuticos das augas que excedan dos propios do seu aproveitamento lúdico, sen prexuízo da posibilidade de informar dos potenciais efectos saudables inherentes á natureza das ditas augas.

Artigo 19. Condicións hixiénico-sanitarias das augas termais de aproveitamento lúdico

1. En materia hixiénico-sanitaria, corresponde á consellería competente en materia de sanidade establecer os requisitos técnicos e condicións mínimas dos espazos termais e das piscinas termais de uso lúdico.

2. Mediante o correspondente desenvolvemento regulamentario, a dita consellería determinará os requisitos hixiénico-sanitarios dos espazos termais distintos das piscinas termais de uso lúdico. Estas últimas suxeitaranse ao previsto no Real decreto 742/2013, do 27 de setembro, polo que se establecen os criterios técnico-sanitarios das piscinas, naqueles aspectos que resulten compatibles coa natureza termal das augas.

3. Mentres non se dite a referida normativa regulamentaria, as condicións hixiénico-sanitarias aplicables aos espazos termais distintos das piscinas termais de uso lúdico serán as que o órgano sanitario inclúa no seu informe preceptivo e vinculante.

Artigo 20. Condicións de accesibilidade e seguridade das instalacións

1. O titular do aproveitamento estará obrigado a cumprir a Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade, para os efectos de garantir que as instalacións termais sexan utilizables por todas as persoas en condicións de seguridade, comodidade e da maneira máis autónoma e natural posible.
2. Da mesma maneira, o dito titular deberá asegurarse de que as instalacións termais contén cos elementos precisos dirixidos a previr situacións de risco para a saúde dos usuarios, así como cunhas adecuadas condicións de salubridade, todo o anterior co fin de alcanzar un elevado nivel de protección da saúde e seguridade das persoas no aproveitamento lúdico das augas termais.

TÍTULO III

Prelación e compatibilidade entre usos terapéuticos e lúdicos das augas termais

Artigo 21. Criterios de prelación de aproveitamentos

1. Cando, como consecuencia do previsto no artigo 4.3 desta lei, unhas mesmas augas declaradas termais sexan susceptibles de aproveitamentos terapéuticos e lúdicos, a prioridade na solicitude de aproveitamento por quen cumpra os correspondentes requisitos determinará a opción por un ou outro tipo de aproveitamento, sempre que non se constate conflito cun aproveitamento de diferente natureza.
2. A constatación de conflito entenderase producida cando, en calquera momento procedimental anterior á finalización do prazo de información pública do proxecto inicial, se presente un proxecto de aproveitamento suficientemente motivado de natureza diferente ao inicial.
3. Para a resolución do conflito, prevalecerá o aproveitamento terapéutico, salvo que o órgano mineiro xustifique razoadamente a maior utilidade pública do concreto aproveitamento lúdico.

Artigo 22. Compatibilidade de aproveitamentos terapéuticos e lúdicos

1. Admítese a posibilidade de que sobre unha mesma emerxencia de augas termais coexistan simultaneamente o aproveitamento terapéutico e o lúdico, sempre e cando se cumpran os seguintes requisitos:

1º. A emerxencia dispoña das declaracións necesarias para ambos usos.

2º. O titular de ambos aproveitamentos sexa o mesmo.

3º. Resulte acreditada a suficiencia e sostibilidade de recurso para ambos aproveitamentos.

2. Para o outorgamento de cada tipo de aproveitamento estarase ao que dispoña a respectiva normativa aplicable.

TÍTULO IV

Réxime de inspección e sanción

CAPÍTULO I

Potestade de inspección

Artigo 23. Órganos con competencia inspectora

As potestades de inspección en materia de aproveitamento lúdico das augas termais corresponden aos mesmos órganos da Comunidade Autónoma de Galicia que teñan atribuído, de conformidade co previsto nos artigos seguintes, o exercicio da potestade sancionadora.

CAPÍTULO II

Potestade sancionadora

Artigo 24. Competencia sancionadora do órgano mineiro

Corresponde á consellería competente en materia de minas exercer a potestade sancionadora en relación coas infraccións tipificadas nesta lei.

Artigo 25. Concepto e clasificación das infraccións

1. Son infraccións as accións e omisións que contraveñan as obrigas establecidas na lei, de acordo co previsto nos artigos seguintes.

2. As infraccións das normas reguladoras do aproveitamento lúdico das augas termais clasifícanse en moi graves, graves e leves.

3. As infraccións tipificadas nesta lei prescribirán nos prazos establecidos na Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 26. *Infraccións moi graves*

Son infraccións moi graves:

a) O aproveitamento das augas termais para usos lúdicos carecendo da preceptiva concesión ou autorización ou con ela caducada, suspendida, anulada ou revogada.

Incluirase neste suposto, a continuación do aproveitamento unha vez ditada resolución de paralización nos termos previstos na disposición transitoria desta lei.

b) A utilización das augas termais para usos distintos aos previstos na correspondente concesión ou autorización.

c) A cesión ou transmisión da concesión ou autorización sen a previa autorización administrativa.

d) O incumprimento das condicións previstas na resolución de outorgamento da concesión ou autorización.

e) O incumprimento das medidas de seguridade e de protección do medio ambiente.

f) A negativa ou obstrución á actuación dos servizos de inspección mineira que impidan total ou parcialmente o exercicio das funcións que legal ou regulamentariamente teñan atribuídas.

g) A deterioración significativa da calidade ou cantidade do acuífero por causas imputables á persoa concesionaria ou autorizada ou ao explotador material.

h) A falta de presentación do plan cuadrienal de aproveitamento ou a súa presentación fóra do primeiro ano que corresponda.

Artigo 27. *Infraccións graves*

Son infraccións graves:

a) A falta de inicio do aproveitamento no prazo establecido.

b) A modificación, ampliación, restrición, paralización ou abandono do aproveitamento sen a previa autorización administrativa.

c) O incumprimento da obriga de formalizar o preceptivo seguro de responsabilidade civil ou de constituír a necesaria garantía financeira.

d) A presentación do plan cuadrienal de aproveitamento fóra do prazo establecido pero dentro do segundo semestre do ano que corresponda.

e) A obstrución que dificulte gravemente a actuación dos servizos de inspección mineira cando non concorra ningún dos supostos que, conforme o sinalado no precepto anterior, implicarían que se reputase a infracción como moi grave.

f) A inobservancia dos requirimentos formulados pola inspección mineira ou a demora na súa atención, referidos ao cumprimento das condicións relativas á seguridade das instalacións ou á evitación de danos ás persoas, aos bens ou ao medio ambiente.

Artigo 28. *Infraccións leves*

Son infraccións leves:

a) A presentación do plan cuadrienal de aproveitamento fóra do prazo establecido pero dentro do primeiro semestre do ano que corresponda.

b) A formalización do seguro de responsabilidade civil ou a constitución da necesaria garantía financeira fóra do prazo establecido.

c) A inobservancia dos requirimentos formulados pola inspección mineira ou a demora na súa atención, sempre que non se referisen ao cumprimento das condicións relativas á seguridade das instalacións ou á evitación de danos ás persoas, aos bens ou ao medio ambiente.

Artigo 29. *Sancións*

1. As infraccións tipificadas nos artigos anteriores serán sancionadas:

a) As infraccións leves, con multa de ata 900 euros. O grao mínimo desta multa abrangue ata 300 euros; o grao medio, de 301 a 600 euros; e o grao máximo, de 601 a 900 euros.

b) As infraccións graves, con multa desde 901 euros ata 9.000 euros. O grao mínimo desta multa abrangue de 901 a 3.600 euros; o grao medio, de 3.601 a 6.300 euros; e o grao máximo, de 6.301 a 9.000 euros.

c) As infraccións moi graves, con multa desde 9.001 euros ata 90.000 euros. O grao mínimo desta multa abrangue de 9.001 a 36.000 euros; o grao medio, de 36.001 a 63.000 euros; e o grao máximo, de 63.001 a 90.000 euros.

2. Sen prexuízo dos criterios de gradación establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, na determinación do importe das sancións teranse en conta as específicas circunstancias que se prevén na Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais e de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. As anteriores sancións prescribirán nos prazos establecidos na referida Lei 5/1995, do 7 de xuño.

Artigo 30. *Suspensión temporal ou caducidade*

1. A comisión dunha infracción grave poderá levar aparelada a suspensión temporal do aproveitamento con clausura da explotación por un prazo non superior a dous meses.

2. Igualmente, a comisión dunha falta moi grave poderá levar consigo a suspensión temporal do aproveitamento con clausura da explotación por un prazo entre dous meses e un ano, sen prexuízo da posibilidade de iniciar o procedemento de caducidade da concesión ou autorización outorgada. A adopción das ditas medidas corresponderá ao órgano competente para outorgar dereitos mineiros.

Artigo 31. *Reparación de danos*

1. Sen prexuízo da sanción administrativa que se impoña, a persoa infractora estará obrigada a reparar os danos e prexuízos causados, ao obxecto de restaurar o ben ao seu debido estado, así como a emendar a alteración producida na súa contorna de protección, sempre que iso sexa posible. Esta obriga é imprescritible.

2. O incumprimento desta obriga de reparación de danos e/ou de restitución das cousas ao seu debido estado facultará á consellería competente en materia de minas para actuar de forma subsidiaria realizando as obras por si ou a través das persoas físicas ou xurídicas que se determinen e á custa da persoa obrigada, utilizando, no seu caso, a vía de constrinximento para reintegrarse do seu custo.

3. O importe dos gastos poderá liquidarse de forma provisional e realizarse antes da execución, a reserva da liquidación definitiva.

Artigo 32. *Competencia para a imposición das sancións*

A competencia para a imposición das sancións previstas nesta lei corresponderá:

a) Nas infraccións leves, á persoa titular da xefatura territorial competente.

b) Nas infraccións graves, á persoa titular da dirección xeral competente en materia de minas.

c) Nas infraccións moi graves, á persoa titular da consellería competente en materia de minas.

Artigo 33. *Remisión normativa*

En relación co procedemento administrativo e os principios da potestade sancionadora estarase ao disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Artigo 34. *Competencia sancionadora do órgano sanitario*

Os incumprimentos da normativa sanitaria serán tipificados e sancionados polo órgano sanitario competente, de conformidade coa súa normativa sectorial.

Artigo 35. *Competencia sancionadora doutros órganos sectoriais*

Os incumprimentos da restante normativa sectorial serán tipificados e sancionados polo órgano competente.

Disposición adicional única. *Actualización da contía das sancións.*

As contías das sancións de multa poderán ser actualizadas periodicamente polo Consello da Xunta, pero en ningún caso a elevación porcentual que se fixe na dita actualización poderá superar a experimentada polo índice xeral de prezos ao consumo na Comunidade Autónoma de Galicia desde a entrada en vigor desta lei ou desde a anterior revisión das contías.

Disposición transitoria única. *Regularización dos aproveitamentos lúdicos preexistentes de augas termais*

1. Os aproveitamentos lúdicos de augas termais que se atopen en funcionamento no momento da entrada en vigor da presente lei poderán regularizarse mediante un procedemento simplificado.

2. O dito procedemento iniciarase por quen ostente a titularidade do aproveitamento mediante a presentación da solicitude, acompañada do proxecto xeral de aproveitamento, do estudo xustificativo do perímetro, da documentación xustificativa das solvencias económica e técnica e do plan de peche e abandono. Para a instrución e resolución favorable será preciso un único informe da consellería competente en materia de sanidade no que se acredite que as instalacións e as augas cumpren coas condicións hixiénico-sanitarias e de salubridade que resulten exixibles. A resolución que poña fin ao procedemento outorgará o correspondente título administrativo para o aproveitamento lúdico.

3. Unha vez regularizados, a estes aproveitamentos seralles inmediatamente aplicable a esixencia da garantía financeira e do seguro de responsabilidade civil, así como o restante réxime de dereitos e obrigas previstos nesta lei.

4. A posibilidade de regularización esténdese aos aproveitamentos lúdicos preexistentes sobre augas exclusivamente declaradas mineiro-medicinais.

5. Os aproveitamentos lúdicos preexistentes deberán regularizarse no prazo máximo de doce meses desde a entrada en vigor desta lei.

6. En caso contrario, o órgano mineiro resolverá a paralización do aproveitamento en cuestión así como a imposición ao suxeito responsable das sancións correspondentes, todo iso, tras a incoación do oportuno procedemento administrativo no que se concederá audiencia ao interesado.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia.*

1. Modifícase o punto 1 do artigo 27 da Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

“Artigo 27

1. As infraccións tipificadas no artigo anterior serán sancionadas, logo de incoación do oportuno expediente, de acordo coa seguinte graduación:

a) As infraccións leves, con multa de ata 900 euros. O grao mínimo desta multa abrangue ata 300 euros; o grao medio, de 301 a 600 euros; e o grao máximo, de 601 a 900 euros.

b) As infraccións graves, con multa desde 901 euros ata 9.000 euros. O grao mínimo desta multa abrangue de 901 a 3.600 euros; o grao medio, de 3.601 a 6.300 euros; e o grao máximo, de 6.301 a 9.000 euros.

c) As infraccións moi graves, con multa desde 9.001 euros ata 90.000 euros. O grao mínimo desta multa abrangue de 9.001 a 36.000 euros; o grao medio, de 36.001 a 63.000 euros; e o grao máximo, de 63.001 a 90.000 euros. Nestes casos, poderá decretarse, ademais, unha suspensión da concesión ou autorización, se é o caso, de aproveitamento de ata seis meses ou a extinción da dita concesión ou autorización”.

2. Engádesse unha disposición adicional quinta á Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia, coa seguinte redacción:

“Disposición adicional quinta. *Actualización da contía das sancións.*

As contías das sancións de multa poderán ser actualizadas periodicamente polo Consello da Xunta, pero en ningún caso a elevación porcentual que se fixe na dita actualización poderá superar a experimentada polo índice xeral de prezos ao consumo na Comunidade Autónoma de Galicia desde a entrada en vigor desta lei ou desde a anterior revisión das contías”.

Disposición derradeira segunda. *Dereito supletorio*

En todo o non previsto nesta lei aplicarase a Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia e a Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia, así como os seus respectivos desenvolvementos regulamentarios.

Disposición derradeira terceira. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario*

1. Facúltase o Consello da Xunta de Galicia para aprobar as disposicións necesarias de desenvolvemento da presente lei.
2. Sen prexuízo do anterior, facúltase á persoa titular da dirección xeral competente en materia de minas para regular directamente cuestións técnicas da súa competencia, nomeadamente as correspondentes á sinalética das novas instalacións.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor*

A presente lei entrará en vigor aos trinta días da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, XX de XXXX de 2018

ANEXO

Documentación técnica exigida para a solicitude do aproveitamento lúdico das augas termais

1. Proxecto de aproveitamento:

a) Descrición da zona.

b) Deseño da captación: xeoloxía local, hidroloxía local (caudais, calidade termal), características técnicas das captacións (entubacións), a súa execución (no seu caso), conducións ata as instalacións do aproveitamento, réxime de explotación do recurso, instalacións da captación (bombas, valvulería), protección das captacións.

c) Explotación do recurso: instalacións (ao descuberto e pechadas), conducións (aspectos hidráulicos, térmicos, corrosivos), proxecto básico de edificacións (edificios e naves).

d) Programa de explotación: funcionamento interno (programas ofertados para uso lúdico) e réxime de funcionamento.

e) Programa de vixilancia e control: instalacións e captación.

f) Estudo de viabilidade económica.

2. Perímetros de protección:

a) Descrición morfométrica da zona – conca.

b) Xeoloxía rexional e local do manancial.

c) Estudo de hidroloxía superficial: estimación de recarga, balance hidrolóxico, compoñentes do ciclo hidrolóxico.

d) Estudo hidroxeolóxico: caracterización hidrodinámica do medio xeolóxico, identificación de acuíferos, funcionamento hidrodinámico destes.

e) Estudo termal: caracterización termal das augas a partir das 12 medidas mensuais de pH, condutividade, Eh, temperatura e oxíxeno disolto realizadas nun ano hidrolóxico achegados para a súa declaración. Orixe, tempo de residencia.

f) Estudo de vulnerabilidade: inventario de puntos de auga, posibles puntos e áreas de contaminación difusa conservativa e non conservativa. Existencia doutros mananciais termais.

g) Cálculo do perímetro de protección: establecerase a metodoloxía para a definición do perímetro e a estimación deste.